

CONVERSA

# O Abrente de Virxilio



[ T + F ] Virxilio Rodríguez Vázquez

Virxilio Rodríguez Silva (1931, Parada, Castrelo de Miño, Ourense), crego en Ribadavia dende 1967 ata 1969, foi o impulsor en plena ditadura franquista, xunto cos daquela tamén cregos Miguel Fernández Grande (1936-2022, Vilar de Barrio, Ourense) e Xosé Benito Sieiro González (1936, Lebosende, Leiro, Ourense), dun movemento social e cívico na vila e na comarca en prol da liberdade, da xustiza social, da lingua galega, da apertura cultural e da ruptura co patriarcado, que atopou co apoio e coa entrega do pobo, só comparables á resistencia e represión das autoridades, que rematou co desterro decretado no ano 1969 polo bispo Ángel Temiño Sáiz (1910-1991, Sarracín, Burgos). Abrente, a asociación que hai agora 50 anos acometeu a arriscada iniciativa de crear unha plataforma para darlle pulo e visibilidade ao teatro en lingua galega, a xa histórica *Mostra*, tivo nos anos precedentes ese caldo de cultivo, no que fermentou o activismo sociopolítico e cultural da mocidade que a protagonizou. Esta entrevista foi realizada en diferentes sesións entre o 1 e o 9 de abril de 2023, na cidade de Vigo.

Á

brese a porta e sinto a calor do fogar. A luz fresca de abril entra polas fiestras orientadas ao sur. Afanse os ollos á claridade para albiscar ao lonxe o monte Galiñeiro, coma a silueta dun dinosauro durmido agardando despertar do sono. Virxilio recíbeme no salón, rodeado de estantes de cerne de piñeiro, ateigados de libros, baixo a lámpada colgante, e cunha lectura entre as mans. "Ola!, que tal? Adiante! Pasa!". Érguese apoiando o peso do corpo sobre a madeira, que rexe, estendendo a súa man dereita mentres coa esquerda apreixa o meu brazo, en forma de benvida. Sempre gusta de ver entrar pola porta a algunha persoa, e non dubida en levantar a ollada, ata daquela concentrada na análise sisuda do texto que toque, para deixar a un lado o que está a facer, e recibir a visita, porque o que máis disfruta é de conversar. "Que tal ti? Como estás?" "Ben, vamos tirando. Sinto estes días o cambio de temperatura. Baixou. Cada vez decátome máis".

Xira o pescozo cara a fiestra. Ás súas noventa e dúas primaveras, mantén unha mirada lúcida, cun iris verde auga, cor disque herdada da familia materna, do lugar de Parada. Os seus trazos, no esencial, non mudaron co paso dos anos. Unha barba mesta, aínda sorprendentemente lonxe de branquear de todo, cos anteollos de pasta fina, que ás veces salta coa mirada por riba da fronteira de cristal, xersei sobre a camisa, mesmo na casa, e pantalón de pinzas. Acomodámonos no sofá. Antes de comezar a falar sobre Abrente, a súa orixe e o seu significado, desvío a atención aos dous volumes abandonados sobre a mesa. Nese sutil xesto que o interlocutor capta axiña, queda inevitavelmente formulada a pregunta. "Ese que estou a ler agora, titúlase ¿Por qué E=MC<sup>2</sup>? ¿Y por qué debería importarnos? Resultame difícil, pero interésanme algunhas cousas que aí se expoñen en relación coa ecuación máis famosa da historia" (Brian Cox e Jeff Forshaw, Debate, 2013). Achégome, ábroo, vexo os seus característicos subliñados e anotacións, dispersos ao longo do texto, reveladores dunha lectura descontinua, imaxinativa, a que sempre fixo de libros de ensaio e pensamento. Baixo o texto referido agóchase outro, *El elogio de la sombra* (Junichirô Tanizaki, Siruela, 2021).

**Que che parece se comezamos polos teus últimos anos no Seminario de Ourense? Como recordas aquela época?**

Recordo que nos últimos anos estaba encargado de levar aos teólogos. Eu tiña o despacho no edificio do seminario maior. Estivera durante algún tempo compaxinando xestión e docencia. Fora encargado do seminario menor.

**"A nosa vida e o noso labor eran distintos ao que era habitual para os cregos da época. Fomos introducindo o galego na liturxia. Non cobrábamos nada polos servizos relixiosos. Case nunca levabamos sotana. Iamos ao fútbol. Nas procesións fomos facendo que non actuase a Garda Civil, que ata daquela participaba armada".**

Un día, o reitor chamoume para traballar como administrador do seminario maior, pero só por un ano, porque a súa idea era que cando o entón prefecto de teólogos marchase, eu asumise ese cargo.

**Entón estiveches de administrador do seminario maior un ano?**

Dos dous, do seminario menor e do maior! Que me deu un traballo... Non quero acordarme.

**Tras ese ano asumiches a responsabilidade de prefecto de teólogos. Cales eran as túas funcións?**

Os teólogos eran os estudantes dos últimos catro cursos, moita xente, aproximadamente cen persoas en total. Hoxe é impensable, claro. Unha planta chea de seminaristas entre vinte e vinte e catro anos. Eu daba poucas clases, pero era a persoa que se ocupaba de organizar os cursos, da coordinación, da titorización... Finalmente, eran as persoas que se ordenaban e eu tiña responsabilidade directa ao respecto. Cada ano debía presentarlle ao reitor do seminario unha lista das persoas que consideraba que podían ordenarse e cales non. Xeralmente, o reitor aceptaba a listaxe que eu propuña, que se facía en función da traxectoria de cada persoa. Hai que pensar que o percorrido no seminario era longo, sumándolle aos últimos catro anos de teoloxía, tres previos de filosofía e os primeiros cinco de humanidades. E esa etapa como prefecto de teólogos foi precisamente, e eu diría curiosamente, a precursora da decisión de solicitar ir a Ribadavia.

**Por que?**

Un ano, nunha tarde eu baixaba coa listaxe dos que se ían ordenar ao final de curso para falar co reitor no seu despacho e confirmar definitivamente os nomes. No corredor abordáronme tres estudantes de último curso que eu levaba na lista e que me dixeron que non querían ordenarse, de ningunha forma. Claro, para min era unha sorpresa enorme e poñíanme nun compromiso. A súa postura era definitiva. Pero ademais non acababa aí a cousa, pedíronme que lles axudase porque non podían regresar ás súas casas: de ningunha maneira as familias, ou algunhas persoas das súas familias, aceptarían unha decisión así.

**Entón, que fixeches?**

Contesteilles que me deixasen pensalo. Co reitor non falei deles nin desa conversa. Quedei en darlles unha resposta ao día seguinte. Despois de moito pensalo, propúxenlles que se ordenasen para ir xuntos, en equipo, a unha mesma parroquia. Eles non só admitiron esa proposta, senón que lles gustou moito, pero claro, esa era unha fórmula inviable. O bispo de Ourense, que era quen asignaba destinos, de seguro que non a admitiría. Así que finalmente tiveron que buscar solucións ad hoc para cada un e que deste xeito puidesen saír do seminario sen regresar ás

**“A xuventude foise unindo cada vez máis. Todas estas accións buscaban crear espazos para que as persoas puidesen falar libremente do que quixesen nun tempo no que por diferentes motivos, sociais, políticos, morais, en plena ditadura, era case que imposible expresarse con liberdade”.**

súas casas. Pero aí naceu a idea, aínda remota, de pensar para min nesa posibilidade. Para logralo tiveron que argallar unha estratexia a longo prazo cun obxectivo tan claro como difícil: conseguir que o bispo admitise esa fórmula cando chegado o momento eu lla presentase.

#### **E por que Ribadavia?**

Apareceu unha vacante en Ribadavia. Entón eu aproveitei a conxuntura para, falando previamente con Miguel Fernández Grande e Xosé Benito Sieiro González, propoñerlle ao bispo a posibilidade de irmos tres párrocos a Ribadavia.

#### **E por que Miguel e Benito?**

Con Miguel tiña relación de moito tempo atrás. Compartíramos como profesores aulas no seminario menor. A Benito tamén o coñecía moito, aínda que era dunha xeración distinta á miña.

#### **Como chegaches a convencer ao bispo?**

Fun varias veces falar co el, ata indicarlle que eu quería deixar o seminario, algo que non aceptou de primeira, o que me levou a reunirme con el en distintas ocasións. Finalmente convenceuse de que eu quería organizarme para traballar como párroco nunha parroquia. E a de Ribadavia era perfecta para o que eu pretendía. Na vila, ademais do párroco, era necesario nomear un coadxutor, e nunha parroquia extrema, San Cristovo, tamén había a posibilidade de nomear un novo párroco. Fixen a proposta, cousa que el admitiu pero cunha condición, que eu fose responsable do grupo. Así que me nomeou arcipreste. Aceptei e asumí a posición de arcipreste de Ribadavia. Vín como unha oportunidade, porque ese posto tiña certa capacidade de decisión en relación co territorio do seu arciprestado. De modo que podía aproveitar esa posición para ter reunións non só cos cregos do equipo, senón cos do arciprestado.



EN DESTAQUE

#### **Como foi a chegada a Ribadavia?**

A nosa idea, a miña en particular desde logo, era a de sermos o máis naturais posible, indiferenciados entre a xente. A casa parroquial estaba media caída e algúns veciños querían levantala. Pero negámonos a facer esa obra. De modo que decidimos alugar na Praza Maior, nunha das casas de soportais, un pequeno apartamento. Para comer íamos a unha casa de comidas na mesma Praza Maior. Alí íamos como calquera outra persoa, sobre as dúas da tarde. Tratábanos moi ben. Pouco a pouco a xente falaba de que os cregos comían alí todos os días. Iso chamaba a atención, que os cregos fixesen a vida da xente do común. A nosa vida e o noso labor eran distintos ao que era habitual para os cregos da época. Para comezar, presentámonos en equipo. Preparabamos as homilías entre os tres. Pensábamolas moito. Especialmente as

dos domingos, a parroquial que se celebraba na Igrexa de San Domingos e que co tempo foi recibindo máis e máis xente. Fomos introducindo o galego na liturxia. Non cobramos nada polos servizos relixiosos, o que era algo rarísimo na época. Case nunca levabamos sotana. Iamos ao fútbol. Nas procesións fomos facendo que non actuase a Garda Civil, que ata daquela participaba armada.

**Tivestes algún problema con autoridades do réxime?**

Si, algún problema tivemos. Por exemplo, coa responsable da sección feminina, que tentou boicotear nalgunha ocasión actividades que se programaban dende a parroquia, como as excursións que facíamos con grupos fóra de Ribadavia.

**Que actividades facíades?**

Facíamos actividades diversas sempre con grupos de persoas. Eses grupos conformábanse por idades, ou tamén atendendo aos matrimonios. A xuventude foise unindo cada vez máis. Todas estas accións buscaban crear espazos para que as persoas puidesen falar libremente, do que quixesen, nun tempo no que por diferentes motivos, sociais, políticos, morais, en plena ditadura, era case que imposible expresarse con liberdade. Así naceu un movemento novo que abriu expectativas, horizontes, que concitou á xente, dende a mocidade ata as persoas maiores. Nas reunións falábase de todo, preguntaban polo que facíamos, falábase do que pensaban os pais e nais dos fillos e das fillas, dábanse as circunstancias para falar abertamente, sen reticencias.

**Como era a Ribadavia a que chegastes? Como era a sociedade dunha vila galega en plena ditadura franquista?**

**“Abrente foi ese movemento da sociedade civil de Ribadavia, dinámico como o propio amencer, un nacente progresivo. Miguel, Benito e máis eu fomos os que axudamos a prender a chama, creamos dentro das nosas posibilidades as condicións para que as cousas se desen así, transitaran cara o cambio”.**



A sociedade á que chegamos era unha sociedade que tiña medo. Só co tempo a xente se foi abrindo. A xente de Ribadavia e a comarca, especialmente de Castro de Miño, estaba marcada polo fascismo e o que levaba consigo. A represión franquista daqueles que se identificaban de esquerdas durante a Guerra Civil e na posguerra no Ribeiro, foi extrema, cruenta, terrible. Así que lograr que se abrisen era difícilísimo. Organizamos tamén conferencias non só para a poboación en xeral, senón tamén para os cregos da zona que quixesen asistir. Os cregos da comarca ían moito á vila, a diario, e moi particularmente os días de feira. Cando chegamos como equipo a Ribadavia espertouse tamén naqueles cregos da comarca moitísima curiosidade. E así pensamos en canalizar esa curiosidade, organizando reunións e conferencias, aproveitando precisamente a miña posición de arcepreste. Esas reunións co clero da zona eran importantísimas, supoñían cambiar o pensamento dominante, para que se trasladase a cada parroquia. Eses encontros tiñan un papel transformador. Traiamos segres a dar moitas desas conferencias.

**Que foi Abrente?**

Abrente non foi só teatro, que tamén. A palabra significa luz primeira do día que abre o mundo, que abre unha nova etapa, que abre a algo inesperado, que sorprende, un día de sol que dá luz, alegría, optimismo, esplendor. Abrente foi ese movemento que abriu unhas expectativas, un horizonte, foi ese movemento no que moita xente foi protagonista, xente moza e maior, un movemento da sociedade civil de Ribadavia, dinámico como o propio amencer, un nacente progresivo, que dende a noite se vai abrindo ata o día. Miguel, Benito e máis eu fomos os que axudamos a prender a chama, creamos, dentro das nosas posibilidades, as condicións para que as cousas se desen así, transitaran cara o cambio.

**E o teatro?**

Si, tamén, por suposto. Foi unha actividade central na que se involucraron as persoas máis comprometidas e entregadas deste movemento, as incondicionais. E nesa

entrega total, transformáronse persoalmente a través da representación ata liberarse da opresión imperante. Non era doado, como podes imaxinar. Escoller as obras e os autores que representar, non era doado, a vixilancia, a censura, a denuncia por parte das autoridades e axentes do réxime estaba sempre presente.

#### **Canto tempo estivestes en Ribadavia.**

Pois para a transformación que tivo lugar, moi pouco. Dous anos e pouco máis.

#### **Por que non máis tempo? Que aconteceu para que saíades de alí?**

O bispo de Ourense obrigounos, desfixo o equipo de traballo enviándonos a cada un de nós a parroquias distantes. No meu caso, á parroquia de Poulo onde nada máis chegar, desta volta eu só, desenvolvín unha actividade guiada polos mesmos principios que inspiraron o movemento social en Ribadavia. Dinamización da poboación, con actividades culturais, coa promoción do deporte, concienciación sobre o uso da nosa lingua, dignificación da actividade agraria, liturxia aberta e libre de dogmatismos, de imposicións, de represións morais. Igual que en Ribadavia, tamén en Poulo se produciu unha auténtica revolución, quizais menos coñecida, con menos impacto público, pero como digo de enorme valor e significado.

#### **Tes ido ás Mostras de Teatro de Ribadavia en anos posteriores.**

Si, teño ido e visitado a mostra en máis dunha ocasión, coma un máis, coa familia, coa miña muller e cos meus fillos, xa dende cativos. Desfrutamos do ambiente e das obras.

#### **A que atribuirías ti o éxito de Abrente, daquel movemento, en Ribadavia?**

Aparece con nós unha forma de actuar, unha forma de expoñer os principios cristiás distinta, e unha maneira de convivir coa xente, fundamentalmente coa xuventude, que dende o primeiro momento se comprometeu. Pero nós mesmos quedamos sorprendidos. Eramos novos, ilusionados, tiñamos unha ansia de facer algo distinto, e iso callou moi ben, moi pronto. Vímolos enseguida na misas dos domingos, que xeraban unha gran expectación, e a xente agardaba fóra para falar connosco. Querían falar. Houbo unha comunicación mutua moi forte.

#### **Cambiouche a ti Ribadavia?**

Si, cambioume. Ese proceso tan intenso e profundo, revolucionario, nunha época tan escura como era a ditadura franquista, reafirmoume na necesidade de valorar moito ás persoas, a cada unha delas. A importancia do servizo

**“O bispo obrigounos a marchar, desfixo o equipo de traballo enviándonos a cada un de nós a parroquias distantes. No meu caso, á parroquia de Poulo onde nada máis chegar, desta volta eu só, desenvolvín unha actividade guiada polos mesmos principios que inspiraron o movemento social en Ribadavia”.**



EN DESTAQUE

público, desinteresado, ou mellor dito, co único interese de servir ao pobo. Iso é fundamental, si.

#### **O bispo de Ourense, Ángel Temiño, enviouche á parroquia de Poulo, onde estiveches cerca de dous anos. E despois?**

Despois presentelle a miña renuncia ao bispo, que aceptou sen problema ningún, como podes imaxinar, deixei o clero e trasladéime a Madrid a estudar a licenciatura de filosofía e letras na Universidade Complutense, é dicir, a comezar de novo.

#### **Ti pensas que houbo un antes e un despois do voso paso nas persoas e na sociedade de Ribadavia?**

Si, eu penso que si, polo menos dende a miña perspectiva. Por exemplo, na capacidade de facer grupos, reunións, para falar, para crear proxectos colectivos. De aí xorde precisamente a Asociación Cultural Abrente cando nós deixáramos xa Ribadavia. Ese é o símbolo do cambio.

---

Virxilio Rodríguez Vázquez é profesor da Universidade de Vigo e colaborador habitual de Tempos Novos.

---